

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DO CONTRATO DENOMINADO “ADQUISICIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA DE ELEMENTOS PARA REFRIXERADO NA PRAZA DE ABASTOS DE VILAXOÁN”**

De conformidade co disposto no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP); as entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretendan cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, indica que o municipio, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, poderá promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O punto 2 do mesmo artigo establece aquelas competencias que o municipio exercerá en todo caso, como propias. O obxecto do presente contrato enmárcase dentro da competencia municipal de:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación	
b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas	
c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais	



d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade	
e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social	
f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios	
g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano	
h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.	
i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante	X
j) Protección da salubridade pública	
k) Cemiterios e actividades funerarias	
l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre	
m) Promoción da cultura e equipamentos culturais	
n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial	
ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadás no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións	
o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero	

En sentido similar pronúnciase o artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que sinala que, entre outras, o municipio exercerá competencias nas seguintes materias:

- Abastos, matadoiros, feiras, mercados e defensa de usuarios e consumidores (apartado g).

O artigo 81 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, indica que os municipios, independentemente ou asociados, prestarán como mínimo, entre outros, os seguintes servizos:



*“c) En los municipios con una población superior a 5.000 habitantes, además: parque público, biblioteca pública, mercado y tratamiento de residuos.”*

Ademais, o artigo 86 da citada Lei 5/1997, contempla a posibilidade do exercicio por parte do municipio de actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas.

## **NECESIDADE E OBXECTO DO CONTRATO**

Con data 6 de xuño de 2024, o Alcalde de Vilagarcía de Arousa ditou Resolución aos efectos de desistir do procedemento de licitación denominado “Subministro e instalación de equipamento frigorífico na Praza de Abastos de Vilaxoán”, tras detectarse erro na memoria técnica valorada que contiña as prescricións técnicas que rexen o contrato, a cal non recollía un dos equipamentos precisos para dotar á recentemente reformada Praza de Abastos de Vilaxoán da maquinaria frigorífica necesaria para a súa adaptación á normativa sanitaria (unha vitrina para frotaría), facéndose necesaria a súa rectificación para incluír o equipamento necesario, o que supón unha variación no importe de licitación.

Tendo en conta que persiste a necesidade do procedemento desistido, que fora xustificada mediante a memoria asinada polo Concelleiro de Promoción Económico o 9 de maio de 2024; o enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, procedeu a redactar unha nova memoria técnica valorada, asinada con data 10 de xuño de 2024, que inclúe as prescricións técnicas do contrato de referencia corrixindo o erro detectado, é dicir, incluíndo a vitrina para froitería, necesaria para a adaptación da Praza de Abastos de Vilaxoán á normativa sanitaria.

O contrato para a “Adquisición, instalación e posta en marcha de elementos para refrixerado na Praza de Abastos de Vilaxoán” enmárcase dentro das actuacións propostas dende o concello de Vilagarcía de Arousa nos últimos anos para revitalizar e modernizar o seu tecido comercial; promovendo melloras nas prazas de abastos municipais que sirvan para atraer máis veciñas e veciños a visitar estes espazos e realizar as súas compras neles.

Na busca desa renovación de espazos tradicionais, levouse a cabo a obra de reforma interior da Praza de Abastos de Vilaxoán, cuxo acto formal de recepción tivo lugar o 7 de maio de 2024. Coa execución desta obra conseguiuse unha redistribución dos postos dos vendedores e vendedoras, así como unha mellora da estética da praza no seu conxunto.



Ante a finalización da citada reforma, xurde a necesidade de dotar a este recentemente acondicionado espazo dun equipamento frigorífico que permita a súa adaptación á normativa sanitaria.

Por tanto, mediante o contrato obxecto da presente memoria, propónse a adquisición, instalación e posta en marcha de elementos para refrixerado na Praza de Abastos sita na rúa Avelino Nogueira, en Vilaxoán, Vilagarcía de Arousa.

De conformidade coa memoria denominada “Memoria valorada para subministro e instalación de equipamento frigorífico na Praza de Abastos de Vilaxoán”, redactada polo enxeñeiro técnico industrial ao servizo do concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, o equipamento técnico a subministrar componse dos seguintes elementos:

- Cámara frigorífica para froitas
- Vitrina para carnicería e charcutería
- Cámara frigorífica para pescado
- Equipo frigorífico para cámara de carne
- Vitrina de froitería

Cada un dos aparatos frigoríficos deberá cumprir cos requisitos técnicos establecidos na referida memoria valorada. O adxudicatario subministrará e instalará os equipos na praza de abastos de Vilaxoán, para o que, previamente, deberá concertar cita co persoal designado polo concello para coñecer a ubicación exacta e realizar a comprobación das subministracións de necesarias (auga, luz, evacuación...) para a correcta instalación e funcionamento dos catro equipos.

O financiamento deste investimento será ao 100% con cargo a fondos propios municipais.

## **DURACIÓN DO CONTRATO**

A entrega e posta en marcha do equipamento obxecto do contrato deberá realizarse, polo adxudicatario, nun prazo de 2 meses.



## **MOTIVACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES**

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público indica, no seu artigo 99.3, que o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras.

Con data 11 de xuño de 2024, o enxeñeiro técnico industrial ao servizo do concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, redactor da “Memoria valorada para subministro e instalación de equipamento frigorífico na Praza de Abastos de Vilaxoán” que inclúe as prescricións técnicas que rexen o contrato de referencia, emite informe de xustificación da non división en lotes do obxecto do contrato que, na parte que interesa, indica literalmente:

*“INFORMA: Co obxecto de dar cumprimento o establecido no Art. 99.3 da Lei 9/2017, de contratos do sector público informase desfavorablemente a súa división en lotes, ao considerase que aumentaría o custo do contrato ao non poder favorecerse da economía de escala.”*

Por tanto, para asegurar a correcta subministración dos elementos para refrixerado descritos na “Memoria valorada para subministro e instalación de equipamento frigorífico na Praza de Abastos de Vilaxoán”, cuxa división en lotes aumentaría o custo do contrato, de conformidade co informado polo redactor do citado documento técnico, imposibilitase a división en lotes do presente contrato e a consecuente execución do mesmo por diferentes empresas adxudicatarias.

## **PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

O contrato obxecto da presente memoria xustificativa de necesidade cualifícase como un contrato de subministro, de acordo co disposto no artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para a adquisición de produtos ou bens mobles.

O valor estimado do contrato é inferior ao límite de 221.000 € establecido no artigo 21.b) en relación co artigo 19 da LCSP, non estando suxeito a regulación harmonizada.

A adxudicación do contrato denominado “adquisición, instalación e posta en marcha de elementos para refrixerado na Praza de Abastos de Vilaxoán” realizarase mediante



procedemento aberto simplificado de acordo co artigo 159 da Lei 9/2017, toda vez que o valor estimado do contrato é inferior ao límite de 143.000 € establecido no artigo 21.1.a), cunha pluralidade de criterios en base á mellor relación calidade-prezo que permitan obter uns subministros de gran calidade, que respondan o mellor posible ás necesidades anteriormente expostas.

En relación cos criterios de adxudicación, conforme á Lei de Contratos do Sector Público e ao previamente indicado, a adxudicación realizarase sobre a base dunha pluralidade de criterios, de acordo coa seguinte ponderación:

#### Criterios de adxudicación

As ofertas dos licitadores valoraranse ata un máximo de 100 puntos, conforme ós criterios obxectivos de adxudicación, de acordo coa seguinte ponderación:

**A.- Aspectos avaliados automaticamente:** Valoraranse ata un máximo de **100 puntos**.

**A-1) Menor prezo ofertado polo licitador:** Valoraranse ata **10 puntos**.

A puntuación calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = \frac{(\text{prezo licitación} - \text{oferta a valorar}) \times \text{puntuación máxima}}{(\text{prezo licitación} - \text{oferta máis económica})}$$

**A.2) Melloras ofertadas polo licitador avaliados automaticamente:** Valoraranse ata **90 puntos**.

A.2.1) Aumento do prazo de garantía: Valoraranse ata 40 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

Por cada ano de garantía ofertado a maiores, por riba da establecida nos pregos que rexen a licitación, outorgaranse 10 puntos por cada ano ofertado.

A.2.2) Redución do prazo de execución. Valoraranse ata un máximo de **10 puntos** a redución nun mes do prazo de execución dos traballos.

A.2.3) Executar a alimentación e conexión dos devanditos equipos dende os puntos de alimentación existentes na praza de abastos, incluíndo - se fose necesario- alimentación dos circuítos eléctricos que sexan precisos (cableado e proteccións necesarias según REBT), de auga e saneamento, totalmente instalados. **Valoraranse con 40 puntos.**



No caso de que dúas ou máis ofertas se atopen igualadas unha vez aplicados os criterios que serven de base para a adxudicación do contrato, o empate resolverase mediante a aplicación do criterios de desempate contidos no art. 147.2 da LCSP, sempre que os licitadores presentaran a documentación acreditativa correspondente a requirimento da administración.

As melloras ofertadas polo licitador non terán, en ningún caso, repercusión económica no prezo do contrato, pasarán a formar parte do contrato e non poderán ser obxecto de modificación.

#### **Xustificación dos criterios de adxudicación do contrato elixidos:**

Os criterios de adxudicación anteriormente reflexados, que rexerán a licitación do contrato de referencia de conformidade co establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, teñen como obxectivo a consecución dun subministro coa mellor relación calidade-prezo e fomentar a estabilidade no emprego.

### **SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA OU PROFESIONAL**

Os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica, financeira e técnica.

#### **1. Solvencia económica e financeira:**

A solvencia económica e financeira acreditarase polo medio sinalado a continuación:

- Presentación das contas anuais correspondentes ós últimos 3 anos, aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no Rexistro Oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil presentaran os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

**Considerarase que unha empresa ten solvencia económica e financeira se cumpre algún dos seguintes criterios:**

- a) Se das contas anuais se deduce que o volume anual de negocios do licitador, que referido ó ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos é cando menos unha vez o valor estimado do contrato.



Por cifra volume anual de negocios debe entenderse o importe neto da cifra de negocios que figura na conta de perdas e ganancias dos modelos regulamentarios das contas anuais establecidas na lexislación mercantil.

No presente contrato o volume anual de negocios deberá ser cando menos de 26.690,00 €

b) Se das contas anuais se deduce que o patrimonio neto da empresa, ou ben a ratio entre activos e pasivos, ó peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais é cando menos de:

2.669,00€ de patrimonio neto mínimo (10% do valor estimado do contrato)

En todo caso, o patrimonio neto das sociedades mercantís non poderá ser inferior ó mínimo legalmente establecido na lexislación mercantil (art.363 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital) para non incorrer en causa de disolución.

A ratio entre activos e pasivos é superior a 1,5.

A ratio entre activos e pasivos será o resultado de dividir o activo total entre o pasivo total.

## **2. Solvencia técnica y profesional:**

A solvencia técnica e profesional acreditarase polo seguinte medio:

- Mediante a presentación dunha relación dos principais subministros realizados polo licitador, de igual ou similar natureza que os que son obxecto da presente licitación, executados nos últimos tres anos, que inclúa importe, datas e o destinatario (público ou privado) dos mesmos. Dita relación conterá un mínimo de 5 subministros e un máximo de 10.

Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación.

Considerarase solvente tecnicamente o licitador que acredite ter realizado, nos últimos tres anos, subministros de igual ou similar natureza ós que son obxecto da presente licitación, cuxo





importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% valor estimado do contrato.

Na presente licitación o importe anual acumulado no ano de maior execución deberá ser igual ou superior a 18.683,00 € (sen IVE) ou 22.606,43 € (IVE inc.).

Para determinar a correspondencia entre os subministros executados polo licitador e os que constitúen o obxecto do contrato, atenderase á igualdade entre os tres primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV.

Para as empresas de nova creación: (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos) poderán acreditar a súa solvencia por algún dos medios previstos nas letras b) a g) do apartado 1 do artigo 89 da LCSP.

#### **Xustificación dos criterios de solvencia económica e financeira e técnica elixidos:**

Os criterios de solvencia económica e financeira e técnica elixidos pretenden que exista a maior concorrencia posible e favorecer a presentación de ofertas por parte das pemes e empresas de nova creación.

#### **ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO**

O valor estimado do contrato é de 26.690,00 €, que coincide con orzamento base de licitación sen IVE, o cal se establece en 32.294,90 € (IVE engadido), coa desagregación seguinte:

<b>UD</b>	<b>EQUIPO A SUBMINISTRAR E INSTALAR</b>	<b>IMPORTE</b>
1	Cámara frigorífica para froita.....	7.980,00€
1	Vitrina para carnicería e charcutería.....	7.640,00€
1	Cámara frigorífica para pescado.....	3.050,00€
1	Equipo frigorífico para cámara de carne.....	3.800,00€
1	Vitrina froitería.....	4.220,00€
	<b>TOTAL IMPORTE</b>	<b>26.690,00 €</b>



<b>ORZAMENTO TOTAL (SEN IVE)</b>	<b>26.690,00 €</b>
21,00% I.V.A.....	5.604,90 €
<b>ORZAMENTO EXECUCIÓN POR CONTRATA</b>	<b>32.294,90€</b>

Co que antecede se entende xustificada a necesidade do contrato de referencia.

O Concelleiro de Promoción Económica

Álvaro Carou García  
(firmado electronicamente)

